



Concello de Pedrafita do Cebreiro

Dona Lucía López López, Secretaria - Interventora accidental do Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo),

CERTIFICA:

Que en data 02.08.2018 a xunta de goberno local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo extraído literalmente do borrador da acta de dita sesión e que dí:

“PUNTO DÉCIMO- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE OFICIAL 2ª CARPINTERÍA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Visto o disposto na Lei 6/2018, do 03 de xullo de 2018, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, BOE nº 161 do 04 de xullo de 2018, onde no artigo 19.10. Dous di: "Non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ó nomeamento de persoal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables..Acreditadas estas circunstancias:

a) Caso excepcional.

A excepcionalidade deriva da adopción dunha serie de medidas preventivas para velar polo deterioro nos equipamentos de titularidade municipal.

b) Necesidades urxentes e inaprazables.

Este Concello non conta con persoal especializado en carpintería, e debido as condicións climatolóxicas severas derivadas das fortes sarabias do inverno e agora as altas temperaturas, xurde a necesidade urxente e inaprazable de realizar labores de mantemento e conservación nos equipamentos municipais, tales coma: bancos e peches de parques e xardíns, parques de colectores do lixo, e demais mobiliario urbano deteriorado e que necesita unha inmediata reparación para evitar riscos ambientais e de seguridade cidadá.

c) Servizos públicos esenciais.

Non cabe dúbida que o servizo é un servizo público esencial e que coa prestación do mesmo se vai velar pola protección das persoas, dos bens e do patrimonio colectivo ou ambiental.

Tendo en conta o acordo adoptado no pleno de data 26.06.2015 sobre as competencias que se delegan pola alcaldía a este órgano de goberno.

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

ACORDO U:

PRIMEIRO.- Realizar unha convocatoria para a formación dunha bolsa de emprego para o posto de oficial 2ª carpintería como persoal laboral temporal, polo sistema de concurso.

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán a creación dunha bolsa de emprego para o posto de oficial 2ª carpintería co contido seguinte:

“BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE OFICIAL 2ª CARPINTERÍA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de traballo para a categoría de oficial 2ª carpintería para cubrir, de forma temporal, as necesidades de mantemento e conservación do equipamento municipal tales coma: bancos e peches de parques e xardíns, parques de colectores de lixo e demais mobiliario urbano deteriorado.

Funcións:

- Controlar, axustar e manexar maquinaria e materiais co fin de construír, instalar, reparar e demoler estruturas e compoñentes fabricados en madeira (ou substitutos desta)
- Medir, cortar, dar forma, soldar, unir e ensamblar materiais.
- Interpretar bosquejos ou planos para determinar as especificacións e calcular os requirimentos do proxecto: Medir, estimar, seleccionar e elaborar a requisición dos materiais.
- Armar e utilizar estadas cando a altura o requira, así coma a súa desmontaxe.
- Construír, conservar, reparar e demoler estruturas e marcos de madeira.
- Construír bases e divisións temporais segundo necesidades requiridas da obra
- Limpar despois da realización do traballo as ferramentas empregadas e a súa

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

organización.

O proceso selectivo: Concurso, conforme ao disposto no artigo 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. (TEEBEP)

II. NORMATIVA APLICABLE.

No non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o EBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración do Estado.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 do 01 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Publico.
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Demais disposicións aplicables.

III. MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 (Lugo). Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

O modelo de contrato de traballo a utilizar será o de duración determinada segundo as necesidades que motiven a contratación.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral temporal, en réxime de dedicación a tempo completo ou parcial segundo se determine no contrato e atendendo ás necesidades do servizo que motiven a contratación.

IV. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo os aspirantes reunirán, con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a.- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP
- b.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c.- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír o carné de conducir clase B.

V. ANUNCIO DE CONVOCATORIA E PUBLICIDADE.

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A data da súa publicación será a que serva para computar o prazo para a presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Unha vez publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as bases estarán a disposición de calquera interesado.

As bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro e

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

na páxina web www.concellodepedrafita.es.

VI. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As persoas que desexen formar parte do proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, teléfono e enderezo electrónico que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

O prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os/as candidatos/as presentarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, cotexada por ámbos caras.
- Fotocopia do carné de conducir clase B cotexada.
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos que se aleguen para a fase de concurso para poder ser puntuados conforme ao baremo.

Non acreditar os méritos tal e como se sinala, acreditarlos de forma insuficiente a xuízo do Tribunal ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable polo que non serán tidos en conta polo Tribunal. Os méritos acreditados, puntuaranse ata a data do remate do prazo de presentación de instancias e deberán posuírse na dita data.

As instancias, xunto coa documentación indicada, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste último caso, deberase adiantar por Fax ó 982367150 as instancias rexistradas en devanditos rexistros oficiais.

A presentación da instancia para formar parte no proceso de selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así coma o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que o seu nome e número de documento identificativo sexan comunicados mediante a súa exposicións nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello para todo o relacionado co proceso selectivo.

VII. ADMISIÓN DE INSTANCIAS.

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 (Lugo). Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Concello de Pedrafita do Cebreiro

1 Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución que conterá:

- a lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- a data, hora e lugar en que se valorarán os méritos alegados polos candidatos e se realizará a entrevista.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2 Concederase un prazo de 2 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para a subsanación de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

3. No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

4. Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

VIII. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante as seguintes probas:

a) Valoración de méritos alegados polos interesados.

1.-Valorarase a **experiencia profesional** segundo os seguintes criterios ata un máximo de **10 puntos**.

Por desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública ou ben en Entidades Privadas 0,20 puntos por mes traballado.

(Acreditarase mediante copias cotexadas dos contratos de traballo ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron e a vida laboral)

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

2.- **Cursos** relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, ata un máximo de **2 puntos**.

A puntuación correspondente por cada hora de formación equivale a 0,02 puntos.

(Se acreditarán mediante copias cotexadas das certificacións ou diplomas que acreditan os cursos realizados polos aspirantes)

b) Proba Práctica

A proba práctica será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non se presenten a súa realización.

Trala valoración do concurso, realizarase unha proba práctica, relacionada coas funcións do posto de oficial 2ª carpintería para ver as aptitudes e capacidades de cada aspirante.

Esta proba valorarase ata un máximo **de 5 puntos**.

c) Entrevista Curricular

A entrevista será a última fase do concurso con carácter obrigatorio, sendo eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non se presenten a súa realización.

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación técnica e experiencia en relación coas funcións do posto ao que se opta.

Valorarase principalmente a aptitude e actitude para a praza que se convoca.

Esta proba valorarase ata un máximo **de 3 puntos**.

A cualificación final virá determinada polas sumas das puntuacións obtidas no concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados polo órgano de selección.

IX. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por **3 membros**, designados mediante Decreto de Alcaldía.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde,

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros e sempre a do Presidente e o Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 01 de outubro.

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do/a Presidente/a.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

X. RESOLUCIÓN DO CONCURSO.

A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso, cunha puntuación máxima de **20 puntos**.

Nos casos de empate prevalecerá a puntuación obtida na proba práctica, e de persistir o mesmo, resolverase por sorteo ao que poderán asistir os interesados.

O Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e elevará dita relación ao Alcalde- Presidente que aprobará a relación de candidatos/as pola súa orde de prelación aos efectos da formación das bases de emprego.

XI. REGLAS DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO.

Cos candidatos formarase unha lista pola orde de puntuación total obtida neste proceso selectivo, que será empregada para o chamamento de candidatos/as para o posto de oficial 2ª carpintería.

O funcionamento desta bolsa de emprego rexerese polas seguintes regras:

1ª.- A comunicación da selección do/a candidato/a realizarase mediante correo certificado con acuse de recibo, por unha soa vez. O/A candidato/a deberá comunicar a



Concello de Pedrafita do Cebreiro

aceptación ou o rexeitamento do posto seleccionado para a contratación por escrito no prazo máximo de 3 días hábiles dende a recepción da presente carta. Se o/a candidato/a rexeita a contratación ou non se comunica a debida resposta, o funcionario encargado da xestión da bolsa realizará unha dilixencia en tal sentido de renuncia do/a candidato/a.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o funcionario que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta.

2ª.- O chamamento efectuarase respectando a orde na que os integrantes figuren na bolsa salvo que, por imposibilidade derivada da normativa laboral, non poda formalizarse con ese aspirante o contrato laboral temporal requirido.

Unha vez finalizado o correspondente contrato laboral formalizado cun traballador integrante da bolsa, este se reincorporará á mesma, pasando a ocupar a mesma posición.

Para o caso de que, chamado un integrante da bolsa para unha contratación temporal, renuncie á contratación proposta, non perderá por iso o seu dereito á pertenza á mesma, pero pasará a ocupar o último lugar dentro dela. Non obstante o anterior, non perderá a súa posición na bolsa se a renuncia está xustificada.

No caso de que o integrante da bolsa renuncie ata tres veces sen causa xustificada expulsarase da presente bolsa.

No momento que se faga o chamamento, o aspirante que acepte o posto deberá presentar a seguinte documentación no prazo de dous días hábiles a contar desde o seguinte o da aceptación do posto:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de minusvalido acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións da posto.

- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se dentro do prazo indicado, e salvo causa de forza maior, o aspirante non presentara a documentación, ou non reunira os requisitos esixidos, non poderá ser contratado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer por falsidade.

A documentación citada anteriormente, será válida para todos os chamamentos realizados durante o ano en curso.

3ª.- En ningún caso a mera pertenza á bolsa implicará dereito algún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que foran se respectará o procedemento de chamamento regulado nestas bases, podendo o Concello cando o considere conveniente, de forma xustificada, para cubrir certos postos vacantes ou contratos temporais convocar ex proceso un proceso selectivo.

XII. IMPUGNACIÓN.

A presente convocatoria, as súas bases, e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e formas previstas na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e na Lei 40/2015, do 01 de outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

ANEXO I. Instancia

D/a _____

provisto/a de DNI nº _____ con domicilio en

CP _____ Municipio _____ Provincia _____

Teléfono _____ Endero electrónico _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Pedrafita do Cebreiro para a contratación dun/ha _____

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

DECLARO:

Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria

Solicito ser admitido/a ao referido **concurso** e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo.

Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

En Pedrafita do Cebreiro, de de 2018.

Asinado

Concello de Pedrafita do Cebreiro



Concello de Pedrafita do Cebreiro

O/A INTERESADO/A

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO”

Terceiro.- Publicar as presentes bases na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro, a efectos de xeral coñecemento.

Cuarto.- Publicar anuncio de convocatoria do posto referido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

E para que conste aos efectos oportunos, asino o presente certificado coa salvedade a que se refire o artigo 206 do ROF, en Pedrafita do Cebreiro, na data da sinatura electrónica a marxe.

O alcalde presidente

A secretaria interventora accidental

Asdo.: José Luís Raposo Magdalena

Asdo.: Lucía López López

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 (Lugo). Tfno. 982367103. Fax: 982367150